

Castelo de Santa Cruz.
Liáns, Oleiros (A Coruña)
Do 7 ao 9 de setembro de 2010
Horario: De 10.00 a 14.00 h.

CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO

Como deseñar o centro de visitantes do noso concello?

Elección do tema. Elaboración de guión.

Condicións de matrícula

- Prazas limitadas.
- Matrícula: **30,00 €**
- Para matricularse é preciso realizar reserva de praza, enviando o formulario de inscrición da web do CEIDA (www.ceida.org). Unha vez confirmada a praza no teléfono **981 630 618** ou en **formacion@ceida.org** ingresar o importe no número de conta:
Banco Pastor 0072 0294 18 0000100119

Destinatarios

- Técnicos municipais de cultura
- Responsables de centros de visitantes e museos
- Guías turísticos
- Museógrafos
- Intérpretes do patrimonio
- Deseñadores de espazos expositivos
- Arquitectos
- Educadores ambientais
- Profesorado de ciclos superiores
- Persoas interesadas

Obxectivos

- Aprender a aplicar técnicas museográficas a centros de interpretación.
- Aplicar o proceso de elaboración de guións.
- Estructurar a información de cara a unha comunicación eficaz.

Contidos

Bloque 1 ■ Analicemos o punto de partida ■ A cultura sae a escena e os territorios compiten entre si ■ Quen se atreve a definir un centro de interpretación? ■ Tipoloxías funcionais e modalidades culturais ■ Museo e Centro de interpretación

Bloque 2 ■ Para que serve e cando proxectar un Centro de interpretación? ■ A quen vai dirixido? ■ Aspectos funcionais ■ A serie: Guión - museografía - medios interpretativos - xestión ■ Programa de contidos e definición de ámbitos temáticos ■ Concepto de interactivo e novas tecnoloxías

Bloque 3 ■ Trae a túa proposta de centro de visitantes e e desenvolvemos na clase ■ Experiencia práctica de relacións funcionais e estrutura básica de guión ■ Creación dunha experiencia social participativa: Centro de interpretación autoxestionado ■ Debate final

Marcelo Martín Gugliemino (relator) é arquitecto. Foi secretario da revista de arquitectura, tecnoloxía e deseño **Summa**, e responsable da Área de Comunicación do Departamento de Formación e Difusión do Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico. Nos últimos anos participou no proxecto e execución de numerosos centros de interpretación principalmente en Andalucía (Centros de visitantes de *El Dornajo* en Sierra Nevada, *Laguna Fuente de Piedra* en Málaga, *Molino El Pintado* en Ayamonte -Huelva-, *Barrio Nazarí de Benaocaz* en Cádiz, etc.)

<https://sites.google.com/a/asoc-amma.org/web-personal-de-marcelo-martin/Home>

